



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP DE TABEAIO
Esperón-Tabeaio, 15182 CARRAL (A Coruña)
Teléfono: 981670396
ceip.tabeaio@edu.xunta.gal

INFORMACIÓN RESPECTO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRICULACIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO 2023/2024

O **Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, a Orde do 21 de outubro de 2022** da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, regulan o procedemento para a **admisión e matriculación do alumnado** nos centros docentes sustentados con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato.

NÚMERO DE VACANTES DO CENTRO:

- 2º ciclo de Educación Infantil: 10 vacantes.
- 1ºe 2º de Educación Primaria: 8 vacantes.

*Para escolarizar alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo**, reservaranse 3 postos escolares en 4º de Educación Infantil e 3 postos en 1º de Educación Primaria.

No momento da solicitude deberán xustificar coa documentación pertinente a situación de alumnado con necesidades específicas de apoio.

As prazas reservadas non adxudicadas a este alumnado asignaranse conforme o proceso ordinario.

ÁREA DE INFLUENZA DO CENTRO:

-Área de influencia do centro: lugares que comprenden as parroquias de San Martiño de Tabeaio e San Xián de Sergude.

-Área limítrofe: resto de zonas do Concello de Carral.

SOLICITUDE DE ADMISIÓN:

- A solicitude realizarase, preferentemente, por vía telemática, a través da aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>
- Para solicitar a admisión no CEIP de Tabeaio hai varias opcións:

- **Cubrir a solicitude informáticamente e asinala en Sede Electrónica:** Na aplicación da Xunta 'AdmisionAlumnado' (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>). Aí poderá presentar a solicitude de admisión e consultar o estado de tramitación da solicitude. É preciso dispoñer da Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).
- **Cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro:** Na aplicación da Xunta 'AdmisionAlumnado' (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>). Pode cubrir a solicitude informáticamente e presentala asinada de xeito manual no centro.
- Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro.
- Na aplicación <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado> hai un manual para as familias no seguinte enlace: <https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/Axuda.action>

*As solicitudes deben vir asinadas polos 2 proxenitores, incluíndo a autorización para a consulta de datos de todos os membros da unidade familiar (firmar algún proxenitor polos menores de idade), de non autorizar esta deben adxuntar copia do DNI da persoa solicitante e de todos os membros da unidade familiar.

- A **documentación** a presentar será fotocopia cotexada do libro de familia con todos os membros e certificado de empadramento no que conste como mínimo 1 ano de antigüidade no domicilio familiar.
- Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitudes de admisión pedindo ata 6 centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirse ao centro solicitado en primeiro lugar.
A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.
- O alumnado matriculado nun centro docente público ou privado ten garantía de permanencia nal, polo que non requirirá un novo procedemento de admisión de alumnos, agás que implique cambio de centro.
Este alumno perderá o dereito de permanencia no centro de orixe se figura admitido na listaxe definitiva de admitidos do novo centro.
- Para a entrega de solicitudes pedirase **cita previa** no **email:** ceip.tabeaio@edu.xunta.gal

- A admisión e matriculación nun centro público implicará respectar o proxecto educativo do centro.

PRAZOS:

- **O prazo para presentar solicitudes de admisión é do 1 ao 20 de marzo.**
- No caso de que houberse **máis solicitudes que vacantes**, ábrese un **prazo de 10 días hábiles (ata o 31 de marzo)**, contados desde o día seguinte ao do remate do prazo para presentar solicitudes, **para a presentación de maneira presencial da documentación xustificativa dos criterios do baremo alegados.**
- **A relación provisional do alumnado admitido e non admitido poderá consultarse no centro, antes do 25 de abril.**

Poderase formular reclamación ante o Consello Escolar do centro no prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación da listaxe.

Estas reclamacións consideraranse estimadas ou desestimadas coa publicación da listaxe definitiva.

- A relación **definitiva do alumnado admitido** e non admitido publicarase no taboleiro de anuncios do centro, **antes do 15 de maio.**

Contra a relación definitiva de admitidos poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a publicación.

FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA:

- **Todo o alumnado admitido** para o próximo curso próximo, 2023-2024, **debe formalizar a súa matrícula cubrindo o impreso** que se facilitará na web do centro, do **20 ao 30 de xuño.**

Tabeaio (Carral), 27 de febreiro de 2023